

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Modelo MD81PLA08

Proxecto lingüístico do CIFP

Centro: CIFP PASEO DAS PONTES

Período: 2023.26

APROBADO POR:

- **Claustro extraordinario:** 27 de novembro 2023
- **Consello Social:** 4 de decembro de 2023





Índice

1	Marco legal e contexto sociolingüístico do centro	3
2	Medidas que aseguren que o alumno acade a competencia lingüística.....	6
3	Medidas que aseguren que o alumno acade a competencia lingüística.....	7
4	Obxectivos e liñas de actuación.....	7
5	Secuencia e temporalización das medidas	8
6	Recursos e orzamento necesario.....	8
7	Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación	8
8	Criterios e indicadores de calidade.....	8



1 Marco legal e contexto sociolingüístico do centro

1. Marco legal e referente para o CIFP Paseo das Pontes:

O CIFP Paseo das Pontes exerce as súas funcións atendendo á seguinte normativa:

- Decreto 266/2007, do 28 de decembro, regulación dos CIFP en Galicia
- Decreto 77/2011 do 7 de abril, ROC
- ORDE do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril.

Por outra banda, debemos ter en conta que aínda se está a implantar a nova Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional e que aínda non se publicou a Orde que regula a súa aplicación na nosa comunidade autónoma.

Procede ter en conta a oferta educativa do centro para entender o contexto do mesmo:

O CIFP Paseo das Pontes oferta ensinanzas para 3 familias profesionais: Hostalaría e Turismo, Industrias Alimentarias e Têxtil, Confección e Pel, e no curso actual ofértense as seguintes especialidades e modalidades:

HOSTALERÍA E TURISMO	Modalidade			
CICLOS	ORDINARIO	MODULAR	DISTANCIA	DUAL
CB Aloxamento e lavandaría	✓			
CM Cociña e gastronomía	✓ 2			
CM Servizos en restauración	✓			
CS Dirección de cociña	✓			✓
CS Dirección de servizos de restauración	✓		✓	
CS Xestión de aloxamentos turísticos	✓	✓		
Curso Especialización en Panadaría e bolaría artesanal	✓			
TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL	Modalidade			
CICLOS	ORDINARIO	MODULAR	DISTANCIA	DUAL
CB Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel	✓			
CM Confección e moda	✓			✓
CS Patronaxe e moda	✓		✓	✓
CS Vestiario a medida e de espectáculos	✓			
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	Modalidade			
CICLOS	ORDINARIO	MODULAR	DISTANCIA	DUAL
CM Elaboración de produtos alimentarios	✓			✓
CM Panadaría, repostaría e confeitaría			✓	✓
CS Procesos e calidade na industria alimentaria	✓			

A continuación, e de forma específica, indícanse o marco legal e contexto asociado á normalización lingüística de Galego e por outra banda ás linguas estranxeiras.





1.1 a) Marco legal referente para a normalización lingüística:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior.

Tal como se recolle no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un valor fundamental de cohesión na nosa comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Proxecto lingüístico do centro inclúese dentro da normativa que está orientada a propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de todos o alumnado e garantir a mesma competencia entre o galego e o castelán.

O marco normativo deste proxecto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Alén diso, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Xustifica sobradamente este documento a encomenda que se pode ler no artigo 14 do decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

“...Artigo 11º.-Potenciación da lingua galega nos centros.

Coa finalidade de promover o uso do galego nos centros, a consellería competente en materia de educación establecerá un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

Artigo 14º.-Proxecto lingüístico de centro.

1.Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

c)Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanza artística e deportiva, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

d)Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

1.1 b) Contexto sociolingüístico na lingua galega no centro

O CIFP Paseo das pontes atópase situado na rúa de San Pedro de Mezonzo, no marco urbano de A Coruña, preto da ronda de Nelle e a Ronda de Outeiro, iso implica que de maneira natural, pola idiosincrasia desta cidade a lingua predominante e utilizada sexa o castelán, aínda que hai un número importante dos alumnas e alumnos galegos falantes que conforman a nosa comunidade educativa procedentes da área de influencia do noso centro, claramente referímonos aos pobos ou aldeas dun radio aproximado de 80 km. Nos últimos anos incrementouse o número de alumnado estranxeiro, principalmente de orixe latina e de países africanos, así como de outras nacionalidades aínda que de forma máis puntual, este alumnado require de contínuas medidas de adaptación, entre outras da lingua galega, a fin de facilitar a súa formación profesional e integración no centro.

Outro dos desafíos que se presentan nos centros de FP de forma xeral, e no noso de forma específica, é que os contidos profesionais publicados están en lingua castelán. Esta realidade é outro desafío que require un esforzo e formación adicional para aos docentes na elaboración de materiais na lingua galega para a impartición dos seus módulos profesionais, esta situación chega a condicionar a elección do profesorado do idioma para impartición dos seus módulos.





Respecto da competencia lingüística do noso alumnado na lingua galega, correspóndese co CELGA 3 e CELGA 4 respectivamente para os alumnos de ciclo medio e superior, tendo en conta os estudos previos de ESO e bacharelato, que son requisito para o acceso.

O alumnado galego, de forma xeral e na súa maioría, séntese capaz no uso do idioma na parte da comprensión, mais os docentes notan que o alumnado ten unha carencia no aspecto da escritura e da fala, cunha expresión oral deficiente, en parte, polo escaso uso que se fai do idioma. Analizada a situación do noso centro, cocluimos que pódense establecer tres grupos:

1. Monolingües en castelán: alumnas e alumnos que só empregan o galego dentro do centro e nas disciplinas nas que é obrigatorio.
2. Falantes máis habituais de castelán, que empregan esporadicamente o galego na súa contorna familiar e de convivencia (con avós, en visitas ao lugar de orixe familiar cando este é de práctica monolingüe en galego, cos pais máis raramente...). Cómpre igualmente estender a práctica monolingüe do español aos nados na América e que teñen de lingua materna o castelán.
3. Monolingües en galego, que empregan o castelán no centro nas materias nas que é obrigatorio.

Destacar, que o centro ten asumido e normalizado o galego no seu ámbito académico e no ámbito administrativo escrito, pero conclúese que a lingua vehicular dominante entre o alumnado do centro é o castelán.

No caso de alumnos estranxeiros que presenten necesidades especiais no ámbito lingüístico para algunha das linguas oficiais deseñaranse estratexias específicas dende o departamento de Orientación en colaboración da coordinación de convivencia.

1.2 a) Marco legal referente das linguas estranxeiras

- Decreto 77/2011 do 7 abril. Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional

Artigo 24. Funcións do departamento de dinamización de idiomas

Artigo 34. Funcións do coordinador ou coordinadora de programas internacionais

Artigo 45. Punto 3. Departamento de idiomas como parte da comisión da redacción do proxecto lingüístico

- Decreto 79/2010 do 20 maio. Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Artigo 8. Proxecto lingüístico.

O proxecto lingüístico forma parte do proxecto funcional do centro e, consonte o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, incluírá, polo menos os seguintes aspectos:

a)Marco legal e contexto sociolingüístico do centro.

b)Os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel de ensinanza.

c)Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento das linguas.

d)Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación relativos ao uso das linguas, incidindo especialmente en actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e comunicación.

Artigo 21. Materias non lingüísticas impartidas en linguas(s) estranxeira(s)

Artigo 22.As linguas estranxeiras na formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.

Nas ensinanzas de formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, desenvolveranse as habilidades de comunicación oral e escrita en lingua(s) estranxeira(s), de maneira progresiva e gradual, para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo..."

E para os CIFP a ORDE do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

Artigo 23. Plan de fomento das linguas estranxeiras



e) Criterios e indicadores de calidade para a avaliación do proxecto lingüístico.

- Resolución 6 xullo 2023 . Instrucións de desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional 23/24 décimo primeiro. Módulo profesional de Segunda lingua estranxeira.
- vixésimo cuarto. Módulos profesionais de Lingua estranxeira profesional.
- Orde 12 maio 2011. Regulación de seccións bilingües e a Regulación da actividade das persoas auxiliares de conversa.

1.2 b) Contexto sociolingüístico en linguas estranxeiras

O centro dispón dun Departamento de Dinamización de Linguas Estranxeiras como parte do seu organigrama, e tamén dunha coordinación de Programas internacionais e dunha coordinación de seccións bilingües, que comparte entre outras, unha mesma misión de traballar na liña de dotar ao alumnado dunha maior competencia lingüística en linguas estranxeira.

A formación en linguas estranxeiras do alumnado do noso centro, revélase especialmente útil no caso da cidade da Coruña, debido á presenza significativa de turismo estranxeiro e á internacionalización das actividades produtivas do ámbito da moda gracias ao grupo Inditex na área metropolitana e doutras empresas do sector de proxección global. Destacar tamén o valor añadido desta formación en lingua estranxeira no ámbito da hostelería, especialmente na atención ao cliente de orixe estranxeira.

O centro traballa cun dobre enfoque. Por unha banda, pretende preparar ao alumnado para que poida exercer a súa profesión en empresas grandes, medianas e pequenas do sector privado ou público en Galicia ou no resto do estado español, dotándoo das competencias necesarias para relacionarse adecuadamente coa clientela, provedores ou incluso socios estranxeiros.

Por outra banda, facilita a proxección internacional dos estudantes en dous planos: favorece a súa inserción laboral (mediante prácticas, intercambios ou estancias) e tamén a formación académica especializada en países anglófonos ou francófonos.

Este centro ven fomentando plans de dinamización de linguas estranxeiras dende hai varios anos. As seccións bilingües en inglés foron ofertadas en dous módulos do ciclo superior de Servizos en Restauración e de Cociña. Nestes últimos cursos mantense un grupo de segundo curso con sección bilingüe no módulo de Xestión da Producción en Cociña, do ciclo superior de Dirección de Cociña.

Este ano continúa ademais o ciclo formativo plurilingüe no segundo curso de ciclo medio de Confección e Moda no módulo Materiais Téxtiles. Este mesmo ciclo impártese tamén en primeiro curso, coa diferenza de que a lingua estranxeira forma parte dos módulos que teñen que cursar obrigatoriamente, con carga curricular reglada.

O proxecto ten en conta a liña de estratexia Galega en linguas estranxeiras “Edulingüe 2030” da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades ten como un dos seus eixes principais, extender e afianzar a internacionalización do sistema educativo galego para favorecer a cidadanía global, e así se recolle como obxectivo no proxecto funcional de centro e no correspondente plan anual.

2 Medidas que aseguren que o alumno acade a competencia lingüística na lingua galega

1. O centro ten asumido e normalizado o galego no seu ámbito académico e no ámbito administrativo escrito.
2. O alumnado do centro ten a oportunidade de acceder a súa formación profesional na lingua galega nua porcentaxe maior que en lingua castelá. Garántese através da elección de horarios e idioma de impartición dos mesmos, especificado no apartado 5 do DOC (Documento de organización de centro).
3. Como parte do organigrama do centro, está incluída a coordinación específica de dinamización da lingua galega, que xunto co equipo colaborador, planifica e realiza continuas accións de dinamización ao longo de todo o curso (Ver no punto 4. Obxetivos e liñas de actuación).
4. No proxecto funcional de centro (2021-25), prevese como obxectivo (16) Poñer en valor a contorna social e cultural galega á súa vez para o curso actual, no plan anual de centro, tamén se prevé traballar neste obxectivo, ver punto 4. Obxectivos e liñas de actuación.





3 Medidas que aseguren que o alumno acade a competencia lingüística en lingua estranxeira

1. Este CIFP, dispón dun Departamento de Dinamización de Linguas Estranxeiras como parte do seu organigrama, e tamén dunha coordinación de Programas internacionais e dunha coordinación de seccións bilingües, que comparte entre outras, unha mesma misión de traballar na liña de dotar ao alumnado dunha maior competencia lingüística en linguas estranxeiras.
2. O alumnado que no seu currículo ten competencias lingüísticas (Inglés/Francés), é o propio currículo, así como a programación, as que garanten que o alumnado acade ditas competencias.
3. O Departamento de Dinamización de Linguas Estranxeiras, a coordinación de Programas internacionais e coordinación de seccións bilingües, planifica e realiza actividades ao longo de todo o curso, tanto de reforzo como preparatorias para os intercambios ou as probas B1/B2, así como para a mellora das competencias lingüísticas dos docentes.
4. No proxecto funcional de centro (2021-25), prevese como obxectivo (07) Impulsar a internacionalización da FP e concretamente do centro e as competencias en lingua estranxeira do alumnado, á súa vez para o curso actual, no plan anual de centro, tamén se prevé traballar neste obxectivo (07), através das seguintes accións: a) O Fomento da participación en programas Erasmus tanto no alumnado coma no profesorado, b) O Fomento e reforzo de accións que melloren a competencia en linguas estranxeiras.

4 Obxectivos e liñas de actuación

No proxecto funcional de centro (2021-25), prevese como obxectivo (07) **Impulsar a internacionalización da FP e concretamente do centro e as competencias en lingua estranxeira do alumnado**, á súa vez para o curso actual, no plan anual de centro, tamén se prevé traballar neste obxectivo (07), através das seguintes liñas de actuación:

- a) O Fomento da participación en programas Erasmus tanto no alumnado coma no profesorado.
 - Favorecer a mobilidade do alumnado fóra das nosas fronteiras para a mellora das súas estratexias lingüísticas, de xeito que poida ver incrementadas as súas oportunidades de aprendizaxe ou de inserción laboral, se é o caso através de xornadas de información e orientación.
 - Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras e fomentar a inclusión en seccións bilingües que permitan o alumnado ampliar as súas destrezas nas linguas estranxeiras ofrecendo reforzo a preparación do alumnado comprometido en programas internacionais.
 - Fomentar a realización das FCTs do noso alumnado en centros colaboradores no estranxeiro.
 - Potenciar a participación nos proxectos europeos para mellorar as súas competencias lingüísticas.
- b) O Fomento e reforzo de accións que melloren a competencia en linguas estranxeiras.
 - Facilitar e apoiar a implantación dos novos ciclos duales plurilingües.
 - Ofertar clases de lingua estranxeira voluntarias fóra do horario obrigatorio para o alumnado e tamén para o profesorado.

No proxecto funcional de centro (2021-25), prevese como obxectivo (16) **Poñer en valor a contorna social e cultural galega** á súa vez para o curso actual, no plan anual de centro, tamén se prevé traballar neste obxectivo (16), através das seguintes liñas de actuación:

- a) A Realización de actividades puntuais que poñan en valora a lingua e cultura galega
 - Actividades temáticas consonte ao calendario escolar
 - Promoción entre a comunidade educativa as axendas culturais/sociais que fomenten e dinamicen a cultura galega, através de comunicacións através de mails, aula virtual, cartelería, totem, exposición temáticas, etc.
- b) Actividades conmemorativas relacionadas coa cultura galega



c) Fomento do uso da lingua galega entre a comunidade educativa

- Reforzo educativo en galego para alumnado de FPB estranxeiro
- Xeración de novos contidos e recursos no espazo de dinamización da aula virtual

5 Secuencia e temporalización das medidas

Os obxectivos deste proxecto, así como as actividades que se desprenden do mesmo, están planificadas para os próximos catro anos. Cada ano incluírase un novo anexo ao proxecto, especificando a planificación e secuenciación dos obxetivos e accións asociadas ao plan anual do correspondente curso.

A secuencia e temporalización das medidas están recollidas nas programación, seguimentos e memoria da xefatura do departamento de idiomas, coordinación de programas internacionais, coordinación de dinamización de lingua galega e coordinación de sección bilingüe.

6 Recursos e orzamento necesario

O EDLG para acometer as súas actividades prevé que poida dispor, entre outros, dos seguintes recursos:

- Dotación económica con cargo ao propio Centro.
- Subvención que concede a Consellería de Educación para os EDLG dos centros de ensino.
- Material impreso que poida recibir doutras asociacións, institucións e organismos públicos ou privados.

O Departamento de dinamización das linguas estranxeiras xunto coas coordinacións de programas internacionais e seccións para acometer as súas actividades prevé que poida dispor, entre outros, dos seguintes recursos:

- Dotación económica con cargo ao propio Centro.
- Un auxiliar de conversa en lingua estranxeira.
- Subvencións asociadas a proxectos e/ou programas da consellería, fondos europeos, etc.

7 Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación

O profesorado do centro ven participando en diferentes accións de adquisición de competencias lingüísticas que permitiron a posta en marcha dunha sección bilingüe no CS Dirección de Cociña o que permite a presenza de un auxiliar de conversa no centro o que supón un valioso recurso cara a formación.

No curso actual finaliza a primeira promoción de ZM Confección e Moda Plurilingüe Dual con Inditex, no que a formación do profesorado en lingua estranxeira tivo un papel fundamental.

No centro disponemos dunha coordinación específica de Innovación e Formación do Profesorado, o que supón un gran recurso para a xestión da formación e participación de proxectos.

Tanto no proxecto funcional de centro como no plan anual prevese na súa planificación como obxectivo (08) Potenciar a formación continua do Profesorado de FP, através da participación nas convocatorias e plans específico, así como a participación en formación continua.

8 Criterios e indicadores de calidade

Os criterios e indicadores de calidade poden consultarse no informe MD62XES_Obxectivo (07) e (16), así como nos seguementos e memorias dos departamentos relacionados (Departamento de idiomas, programas internacionais, seccións bilingüese e dinamización da lingua galega).

